

BASES CAMPIONATO GALEGO DE VETERAN@S 2026

- **NÚMERO DE HOMOLOGACIÓN:** 961
 - **ORGANIZADORES:**
 - Federación Galega de Tenis.
 - Real Aeroclub Santiago.
 - **COMITÉ ORGANIZADOR:** Marcos Fanego, FGTennis.
 - **XUÍZ ÁRBITRO:** Alexandre Beiras.
 - **ADXUNTOS:** Nicolás Otero.
 - **CONTACTO:**
 - Email: deportes@aerosantiago.es
 - Teléfono: 639666034
 - **DATAS:**
 - Do 28 de agosto ao 6 de setembro de 2026.
 - **INSCRIPCIONES:**
 - Na web: www.ibertenis.com ata o luns 24 de agosto ás 23:59.
 - Inscricións:
 - Individual: 25,00 €
 - Dobres: 15,00 € por xogador e categoría.
- * Os/as xogadores/as poderán inscribirse como máximo en 3 probas, pero como mínimo unha delas ten que ser de parellas.
- **BOLA OFICIAL:** HEAD TOUR
 - **DATA DO SORTEO:** mércores 26 de agosto ás 12:00.
 - **PREMIOS:** Trofeos para os campións, campioas, e finalistas en todas as categorías.
 - **SEGUIMIENTO DA COMPETICIÓN:** os cadros, horarios e resultados serán publicados en: www.fgtenis.net e www.ibertenis.com

Dereitos de imaxe: A inscrición ou participación no torneo suporá a cesión dos dereitos de imaxe ao Real Aero Club de Santiago e FGTennis por parte de tódolos participantes nas probas que sexan xogadores, adestradores, membros da organización e público. Todo aquel xogador, adestrador, membro da organización ou público que non desexe participar coa súa imaxe nos actos do torneo (excepto fotografías de entrada na pista, de grupo e entrega de trofeos) deberá comunicalo por escrito a través dos canles de comunicación da proba.

CARACTERÍSTICAS:

<u>DENOMINACIÓN</u>	CAMPIONATO GALEGO VETERAN@S 2025
Sede	Real Aeroclub Santiago
Datas:	Do 28 de agosto ao 6 de setembro
Horario de programación de partidos:	a partir das 10:00 horas
Probas:	Individual masculino, individual feminino, parellas masculino e parellas feminino en todas as categorías. Parellas mixtas nas seguintes categorías(+35,+40,+50,+60)
Superficie:	Terra batida
Cadros Individuais	Fase final de 16 (10 AD, 4Q 2 WC) e previa aberta.
Cadros parellas	Fase final de 16 (10 AD, 4Q 2 WC) e previa aberta.
Sistema de xogo	2 sets + supertiebreca en todas as fases e categorías.
Categorías (mínimo 8 xogadoras/es por categoría)	• Veteran@s +30 • Veteran@s + 35 • Veteran@s + 40 • Veteran@s + 45 • Veteran@s +50 • Veteran@s+ 55 • Veteran@s+ 60 • Veteran@s + 65 • Veteran@s +70 • Veteran@s +75 • Veteran@s +80 • Veteran@s +85
Máxima participación	Os/as xogadores/as poderán inscribirse como máximo en 3 probas, pero como mínimo unha delas ten que ser de parellas.

NORMATIVA ESPECÍFICA

1. A competición aplicará as normas da R.F.E.T.
2. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar neste torneo.
3. Categorias: se establece un mínimo de 4 inscricións por categoría para que se celebre. Non obstante, a organización poderá propoñer categorías de menos inscritos se o considera oportuno. En caso de suprimirse unha categoría por falta de quórum, os preinscritos na mesma serán incorporados á categoría de idade inmediatamente inferior.
4. Horarios: A Federación Galega de Tennis poderá programar partidos a partir das 10:00h.
5. Os horarios de xogo non serán oficiais ata as 20:00 h. do día anterior.
6. Todos/as os/as xogadores/as que teñan algún problema puntual de horarios deberán comunicalo no momento de facer a súa inscrición. Estas peticións deben ser por causas excepcionais.
A Federación non atenderá ningún cambio nin petición unha vez que os horarios sexan publicados. As observacións horarias que sexan plantexadas polos/as participantes unicamente serán atendidas se non afectan ao normal desenvolvemento da competición.
7. Os/as xogadores/as deberán revisar as listas de aceptación publicadas tralo peche de inscrición. Do mesmo xeito, será obriga dos/as xogadores/as informarse das datas e horarios dos seus partidos.
8. O Xuíz Árbitro poderá aplicar W.O. a todos/as os/as xogadores/as que non se presenten a xogar 10 minutos despois do momento de entrada na pista.
9. Os/as xogadores/as poderán inscribirse como máximo en 3 probas, pero como mínimo unha delas ten que ser de parellas.
10. Os/as xogadores/as deberán vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes ao código de conduta. Non serán tolerados condutas inadecuadas e que non se axusten ao cumprimento das normas do tenis, deberá primar en todo momento o máximo respecto ao resto de compañeiros da competición, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
11. O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
12. Todas as cuestións non establecidas neste Regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro ou polos adxuntos. As súas decisións serán inapelables.